

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN 2^a OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE:	C2004/010:142
SITUACIÓN:	RIBEIRA SACRA Nº 21, 9º F (DUPLEX) - CORUÑA (A)

Por resolución da xefatura territorial da conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de A Coruña de data 13 de outubro de 2014 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C2004/010:142, ó abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rregistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rregistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonde ó establecido no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, o pasado día 25 de novembro de 2014 celebrouse sorteо ante notario entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes. Como consecuencia de dito sorteо e unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial en A Coruña

ACORDA:

Declarar adquirente a don/a RAQUEL FREIRE GARCIA (nº credencial 31,642)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 28 de novembro de 2014.

O/A xefe territorial da conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

José Antonio Álvarez Vidal

